



Vivir axeonllados e abrazados: O discurso de Hakuna

Fernando Vidal Fernández¹

O movemento eclesial Hakuna mereceu a atención de todos os principais medios de comunicación españois e nunha década converteuse nunha realidade de proxección internacional. É un fenómeno que cómpre coñecer para poder comprender o noso tempo e ten dimensións teolóxicas, antropolóxicas e sociolóxicas. A proposta de Hakuna sae da ascética do Opus Dei, incardínase na visión orixinal de Josemaría Escrivá de Balaguer² e, aínda que a desenvolve con novas palabras e acentos, comparte centralmente a súa procura da santidad cotiá no mundo. O espazo dun artigo permite unha primeira aproximación a Hakuna, a cal facemos atendendo ás súas propias palabras, expostas nos abundantes libros do seu fundador, líder e presidente, o sacerdote católico español José Pedro Manglano Castellary (Valencia, 1960). Comezaremos por trazar o fulgurante itinerario que fixo emerxer este movemento.

1.- A década prodixiosa

1.1. Orixe

Hakuna emerxeu como proxecto en 2013, ao redor da participación na primeira Xornada Mundial da Mocidade (JMJ) á que asistía o Papa Francisco, en Río de Janeiro. Manglano dirixía a pastoral

1 Fernando Vidal Fernández é profesor de Socioloxía da Universidade Pontificia Comillas.

2 Manglano confirma que «Hakuna está dentro da familia, da espiritualidade, que se esperta a partir do Concilio Vaticano II e que o Opus Dei expresa: a santidad na relación co mundo» (Sánchez Galera, 2022; tamén en Beltrán, 2023).